

“ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL “OS PEQUERRECHOS”

Artigo 1.–Fundamento legal.

O concello de San Cibrao das Viñas ten en vigor a ordenanza municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal “Os Pequerrechos”, coa última redacción dada conforme ao acordo do Pleno municipal en sesión de 28 de maio de 2021 e publicada no BOP de Ourense nº 171 de 30 de xullo de 2021

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, en relación co artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRHL), o Concello de San Cibrao das Viñas modifica o texto da ordenanza municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo da escola infantil municipal “Os Pequerrechos”.

En relación coas facendas locais, a disposición final duodécima da LCSP 2017 modificou o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, engadindo un novo apartado 6 ó artigo 20, nos seguintes termos:

“6. Las contraprestaciones económicas establecidas coactivamente que se perciban por la prestación de los servicios públicos a que se refiere el apartado 4 de este artículo, realizada de forma directa mediante personificación privada o mediante gestión indirecta, tendrán la condición de prestaciones patrimoniales de carácter público no tributario conforme a lo previsto en el artículo 31.3 de la Constitución.

En concreto, tendrán tal consideración aquellas exigidas por la explotación de obras o la prestación de servicios, en régimen de concesión, sociedades de economía mixta, entidades públicas empresariales, sociedades de capital íntegramente público y demás fórmulas de Derecho privado.

Sin perjuicio de lo establecido en el artículo 103 de la Ley de Contratos del Sector Público, contraprestaciones económicas a que se refiere este apartado se regularán mediante ordenanza. Durante el procedimiento de aprobación de dicha ordenanza las entidades locales solicitarán informe preceptivo de aquellas Administraciones Públicas a las que el ordenamiento jurídico les atribuya alguna facultad de intervención sobre las mismas.”

Polo que en base o disposto no referido art. 20.6. do TRLRHL, dado que a prestación dos servizos da escola infantil está recollido no apartado ñ) do art 20.4 do mesmo texto legal (art 20.4.ñ)... “guarderías infantiles..”), e este servizo vaise prestar mediante xestión indirecta as contraprestacións económicas que se perciban pola prestación deste servizo públicos, terán a condición de prestacións patrimoniais de carácter público non tributario. En consecuencia, se modifica a denominación da Ordenanza fiscal nº 29 Reguladora da Taxa pola prestación do servizo da Escola Infantil municipal “Os Pequerrechos” polo **de “Ordenanza Reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo da Escola Infantil municipal “Os Pequerrechos”**

Artigo 2.–Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible é a prestación do servizo da escola infantil municipal.



Artigo 3.–Suxeitos pasivos.

Son suxeitos obrigados o pagamento, en concepto de contribuíntes, as persoas que resulten beneficiadas ou afectadas pola actividade administrativa ou servizo que constitúe o feito impositivo.

Tendo en conta que os usuarios do servizo son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome, cos efectos previstos na Lei xeral tributaria, os seus pais, titores, ou calquera outro representante legal

Artigo 4.–Responsables.

Responderán solidariamente das obrigas de pago do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas que son causantes ou colaboran na realización de infraccións.

Artigo 5.–Estimación das rendas, tarifas, descontos e gratuidades.

Este baremo reproduce/adáptase ás contías establecidas no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta consellería (DOG n.º 17, do 25/01/2012), publicado pola Consellería de Traballo e Benestar, na súa redacción dada polo Decreto 91/2014, do 17 de xullo (DOG n.º 140-24/07/2014), e modifícase da Ordenanza fiscal reguladora vixente coa finalidade de adaptala á actual normativa autonómica, conforme as tarifas aplicadas pola Xunta de Galicia, reflexadas no Anexo I, as cales serán actualizadas automaticamente conforme as modificacións que se establezan cada curso escolar a través de resolución do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia publicada no Diario Oficial de Galicia e actualízanse cada curso escolar na mesma proporción que a variación interanual positiva experimentada polo índice xeral de prezos de consumo para a Comunidade Autónoma de Galicia (IPC) no mes de xaneiro anterior ao do curso escolar en que se pretenda que produza efectos, mediante resolución, que se publicará no Diario Oficial de Galicia, do órgano de dirección competente en materia de familia e infancia.

Artigo 6.– Cota a pagar.

6.1. A cota a pagar virá determinada pola renda per cápita mensual da unidade familiar que se computará segundo as seguintes regras:

a) Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

I. Os/as filloas/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/país/nais, vivan independentes destes/as.

II. Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á potestade prorrogada ou rehabilitada.

III. Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.



A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente na data da solicitude.

b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental a unidade familiar a que se refire a letra a) cando formase parte dela un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento ou ben cando se acredite esta situación a través do certificado de monoparentalidade expedido pola Xunta de Galicia.

d) A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

6.2. A cota tributaria calcularase coas seguintes tarifas máximas:

6.2.1. Prezo da atención educativa.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 0 €

Os ratios por horario reducido obtéñense con aplicacións porcentuais.

Todos/as os/as alumnos/as que teñan concedida unha praza na escola infantil pagarán tarifa 0 € polo concepto de matrícula anual (que houbera ascendido a 60 €), acollerse ao recollido na Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais administrativas, publicada no DOG nº 251 do 31/12/2021, no que, entre as actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0 -3 anos, se acordou que co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023.

6.2.2. Prezo por servizos complementarios.

a) Servizo de comedor.

O prezo por este servizo fíxase en 74.05 € mensuais.



Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no apartado 6.2.3.

No caso de nenos e nenas que non utilicen o servizo de comedor de maneira habitual e que excepcionalmente e por motivos xustificados desexen utilizalo algún día solto, o prezo será de 4,23 euros por día.

O prezo do comedor por días soltos non estará suxeito a ningunha redución.

Os usuarios que fixeran uso do servizo de comedor por días soltos deberán efectuar o pagamento da liquidación mensual correspondente aos días efectivos nos que fixo uso da prestación deste servizo nos 5 primeiros días do mes seguinte.

b) Horario ampliado.

Con carácter excepcional os/as usuarios/as poderán ampliar a súa xornada de atención educativa mediante a solicitude de horas ampliadas (extraordinarias), sempre que non supere as 8 horas de estancia continua diaria, e de que acrediten a súa necesidade.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado á usuaria ou usuario será de 21.16 €.

O prezo da hora ampliada (extraordinaria) non estará suxeito a ningunha redución.

6.2.3. Aplicación dos prezos mensuais segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendadas inferiores ao 30 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 0 €; sen servizo de comedor: 0 €.

b) Rendadas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 17.45 €.

c) Rendadas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 17,45 €.

d) Rendadas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 26,45 €.

e) Rendadas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 37,02 €.

f) Rendadas comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 52,89 €.



g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 63,47€.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM:

Prezo da praza con servizo de comedor: 74,05€.

6.2.4. Descontos sobre a cota do servizo de comedor.

A) Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no apartado anterior, aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

a) Nenos/as pertencentes a familias numerosas, desconto dun 20 por cento.

b) Nenos/as pertencentes a familias monoparentais, desconto dun 20 por cento.

c) Cando asistan ao mesmo centro varios irmáns, o segundo e sucesivos terán un desconto dun 20 por cento.

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

Para a aplicación dos descontos teranse en conta as circunstancias concorrentes no momento de presentación da solicitude de praza na escola infantil 0-3, que deberán ser previamente xustificadas documentalmente de non coincidir coas circunstancias na data da devindicación da declaración do IRPF.

B) Cando por circunstancias sobrevidas (solicitude fóra de prazo, traslado de residencia, etc.), o/a neno/a ingrese no centro con posterioridade ao día 15 do mes, a cota por pola utilización do comedor que corresponda pagar polo dito mes terá desconto do 50 por cento.

6.2.5. Gratuidades de pagamento.

A) As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garzozarán, así mesmo, da tarifa 0 total da cota no servizo de comedor e hora ampliada.

6.2.6. Suspensión temporal da cota.

Os suxeitos obrigados non terán a obriga de aboar a cota correspondente ao servizo de comedor durante os seguintes períodos:

a) Vacacións do neno/nena.

O mes de vacacións anual.

b) Falta de asistencia por causa debidamente xustificada.

. Suspensión da cota do comedor: A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data de ausencia.



- . Duración da suspensión: Ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación.
- . Reincorporacións: A partir do día 15 do mes, 50% da cota.

Artigo 7.–Retribución e período impositivo.

As tarifas devengarase cando se inicie a prestación do servizo. O período de pagamento coincidirá co curso escolar liquidándose de forma mensual.

Artigo 8.–Liquidación, recadación e xestión.

8.1.a Servizo de comedor

A liquidación das tarifas realizarase por meses naturais.

Os usuarios que queiran facer uso do servizo de comedor deberán facelo constar no impreso da solicitude.

Os nenos que presenten algunha alerxia, intolerancia ou requiran dalgún alimento específico, será a familia a que proporcione ao centro dito tipo de alimentos (sempre con xustificación médica), e neste caso non procederá a liquidación da tarifa polo servizo do comedor.

O pagamento deste servizo de comedor deberase realizar de forma adiantada, mensualmente, nos dez primeiros días de cada mes, na entidade ou entidades financeiras que indique o Concello.

En calquera momento o suxeito pasivo terá a posibilidade de domicilia-los recibos, tendo efectos a partir do mes seguinte a aquel no que se presente a solicitude de domiciliación.

No mes de agosto non se devengará a tarifa.

Se por calquera motivo o centro permanecese pechado durante un número superior a quince días consecutivos, farase a devolución do importe pagado nos días nos que non se tivera prestado o servizo.

8.1.b. Horario ampliado (extraordinarias).

Os usuarios que desexen utilizar o horario ampliado deberán solicitarlo, previamente, por escrito no Concello.

Os usuarios que fixeran uso de horas adicionais deberán efectuar o pagamento e a liquidación destas horas adicionais do mes anterior nos 5 primeiros días do mes seguinte.

8.2. Ausencias temporais e baixas no servizo de comedor.

O non facer uso do servizo do comedor durante un período determinado non supón a redución ningunha, nin extinción da tarifa, mentres non se formalice a baixa no servizo.



No caso de ausencias por enfermidade debidamente xustificadas (xustificante médico) terase dereito á devolución do importe pagado polo servizo do comedor, mediante presentación da correspondente solicitude de devolución de ingresos indebidos acompañada do correspondente xustificante médico no que consten os días que houbera durado a situación de enfermidade.

A solicitude de suspensión da tarifa, xunto coa acreditación documental da circunstancia que a motiva, deberá presentarse ante o señor alcalde, que resolverá sobre a procedencia da suspensión.

8.4. Falta de pagamento.

A falta de pagamento da mensualidade no prazo establecido dará lugar o inicio do procedemento de cobro en vía de apremio co devengo do recargo de apremio e os xuros de mora correspondentes.

A falta de pago de dúas mensualidades consecutivas ou tres alternas, orixinará a perda do dereito á praza.

8.5. Revisión da tarifa.

Os usuarios deste servizo poderán comunicar calquera variación que se produza nas súas circunstancias familiares durante o curso escolar, que previa acreditación documental, serán valoradas polos servizos municipais correspondentes a efectos de determinar se procede ou non variación na tarifa aplicable.

Artigo 9.–Infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

Disposición final

Esta ordenanza, unha vez aprobada polo pleno do Concello de San Cibrao das Viñas, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa, que .”



ANEXO 1

CONTRIBUCIÓNS MENSUAIS POR HORAS AMPLIADAS E COMEDOR , CURSO 2022-2023

Renta per cápita/mes	Xornada partida (8 horas)	Xornada de mañá (8 horas)	Xornada de tarde (8 horas)	Horario ampliado (por hora, sen reducións)	Matrícula	Comedor
Inferior ao 30% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	0 €
0.-173,70 Entre o 30% e inferior ao 50% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	17.45 €
173.71.-289.50 Entre o 50% e inferior ao 75% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	17.45 €
289.51 – 434.26 Entre o 75% e inferior ao 100% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	26.45 €
434.27 – 579.01 Entre o 100% e inferior ao 125% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	37.02 €
579.02 – 7723,77 Entre o 125% e inferior ao 150% do IPREM	0 €	0 €	0 €	21.16 €	0 €	52.89 €
723.78 – 868,52						



Entre o 150%
e inferior ao
200% do
IPREM

0 € 0 € 0 € 21.16 € 0 € 63.47 €

868,53 –
1.158,03
Superiores ao
200% do
IPREM+ DE
1158.04

0 € 0 € 0 € 21.16 € 0 € 74.05 €

**DESCONTOS DA
COTA(Non
acumulables entre si)**

**GRATUIDADES DA
COTA**

SUSPENSIÓNS TEMPORAIS DA COTA

			Situación	Período de suspensión
Familia numerosa	20%	Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7500 € anuais (a partir da/do segunda/o filla/o) que acuda á mesma escola	Vacacións da nena/do neno	O mes de vacacións anual
Familia monoparental	20%	Familias acolledoras de menores en situación de garda ou tutela	Escola pechada por máis de 15 días naturais	Os días que a escola esté pechada despois dos 15 días.
Para todas as familias	100%	Bonificación do 100% da cota da atención educativa	Falta de máis de 30 días continuados por motivos de saúde : suspensión da cotas de atención educativa e de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir día 15 do mes, 50% da cota
Ingreso despois do día 15 do mes	50% cota		Falta de asistencia por outras causas debidamente xustificadas: suspensión da cota de comedor	A partir do primeiro día do mes natural seguinte á data da ausencia. Duración da suspensión ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. Reincorporacións a partir día 15 do mes, 50% da cota

Documento asinado dixitalmente polo alcalde-presidente do Concello de San Cibrao das Viñas, don Manuel Pedro Fernández Moreiras, en San Cibrao das Viñas á data e sinatura electrónica.

